

Inscripción: ver DOG nº 8, do 14 de xaneiro de 2010

Información: <http://egap.xunta.es>, e nos teléfonos: 981 546 241 / 881 997 014

Obxectivos:

A disciplina urbanística é o conxunto de instrumentos e poderes xurídicos de que dispoñen os concellos e a Comunidade Autónoma, dirixidos a evitar que os actos de edificación e uso do solo infrinxan a normativa e o planeamento urbanístico e, en caso de producirse o ilícito, repoñer a realidade física alterada á situación anterior á actuación ilegal, sancionar os responsables da infracción urbanística e esixir a indemnización dos danos e perdas causadas.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é o instrumento organizativo de colaboración entre a comunidade autónoma e os concellos que voluntariamente se integren nela, para o exercicio en común das competencias en materia de disciplina urbanística.

O obxectivo desta xornada é mellorar o coñecemento sobre a Axencia de Protección da Legalidade, os seus obxectivos, prioridades e actividades realizadas, así como acadar un maior grao de coordinación coa actuación urbanística dos concellos integrados nela.

Destinatarios:

Alcaldes e concelleiros, secretarios de concellos, persoal funcionario ou laboral dos concellos que desenvolvan funcións relacionadas co urbanismo, inspectores e subinspectores urbanísticos da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

Director da xornada:

Hipólito Pérez Novo. Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
XUSTIZA



XACOBEO 2010
Galicia



axenciaurbanística
AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

XORNADA SOBRE A PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

| Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2010

| EGAP, Rúa de Madrid, 2 - 4. Santiago de Compostela.

XORNADA SOBRE A PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

■ Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2010

■ EGAP, Rúa de Madrid, 2 - 4. Santiago de Compostela.

Venres, 29 de xaneiro de 2009

09.30h *Recollida da documentación.*

10.00h **Inauguración da xornada.**

Agustín Hernández Fernández de Rojas. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Pablo Figueroa Dorrego. Director da EGAP.

10.30h **Os mecanismos de control preventivo. A licenza urbanística municipal. A autorización urbanística autonómica para usos en solo rústico. A inspección e vixilancia urbanística.**

Santiago Valencia Vila. Xefe do Gabinete de Asuntos Constitucionais da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

11.30h **A investigación de ilícitos urbanísticos. A acción de reposición da legalidade urbanística por obras sen licenza urbanística ou sen autorización autonómica. A execución das ordes de demolición.**

Isabel García Eiroa. Subdirectora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

12.30h *Descanso.*

13.30h **As infraccións urbanísticas. Persoas responsables. Sancións.**

Antonio Roma Valdés. Fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

16.00h **A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Natureza xurídica. Integración dos concellos. Funcións. Estrutura organizativa. O plan de inspección urbanística para o ano 2010. Obxectivos. Actuacións prioritarias.**

Hipólito Pérez Novo. Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

17.00h **Mesa redonda: A disciplina urbanística.**

Julio Ignacio Iglesias Redondo. Alcalde do Concello de Ares e vicepresidente da Axencia.

Perfecto Rodríguez Muíños. Alcalde do Concello de Ponte Caldelas, vicepresidente da FEGAMP e vocal do Consello Executivo da Axencia.

Rosa Magdalena Fernández. Arquitecta do Concello de Pontevedra e vocal do Consello Executivo da Axencia.

Delmiro Núñez Méndez. Secretario do Concello de Oroso.

Hipólito Pérez Novo. Director da Axencia.

18.30h **Clausura da xornada.**

Hipólito Pérez Novo. Director da Axencia.